

IES de BRIÓN

Biblioteca

Roberto Vidal Bolaño

Memoria de actividades

Curso 2008-2009





ÍNDICE:

Introdución

1.- Intervencións na biblioteca

Espazo físico

Fondo documental

2.- Funcionamento da biblioteca do centro

Xestión técnica

Servizo de empréstito

Horario de apertura

3.- Actividades desenvolvidas

Formación de usuarios

Educación documental

Animación á lectura

Difusión do cine

Encontros con escritores

Atención á diversidade

O proxecto lector

4.- Grao de implicación do centro e da comunidade educativa

5.- Actividades de formación nas que participou o profesorado

6.- Producción de materiais

7.- Avaliación realizada

8.- Previsións de futuro



Introdución

Neste curso foron eixos fundamentais da actividade da nosa biblioteca o afianzamento e consolidación do proxecto que presentamos.

Conseguir estes obxectivos estivo favorecido pola cohesión do equipo de biblioteca, a implicación do profesorado, a través dos departamentos e nas aulas, a participación no PLAMBE, así como os traballos para definir e redactar o Proxecto Lector do Centro e, ao mesmo tempo o deseño e posta en marcha de parte dos principios e obxectivos que o definen.

A reorganización do fondo, o expurgo e a colocación, nunha sala auxiliar, de todo aquel material que por diferentes motivos ten escaso interese foi unha tarefa á que o equipo de biblioteca dedicou moitas horas.

Os novos servizos e os programas e actividades que agora ofrece fixo que aumentara considerablemente a súa utilización consolidándoa como o lugar máis utilizado do centro e o que máis actividades organiza.

É o obxectivo fundamental do equipo de biblioteca continuar liña de converter a biblioteca nun espazo que siga sendo atractivo, axeitado para a busca de información, para o traballo individual e de grupo, e tamén como fonte de recursos para o tempo de lecer.

1.- Intervencións e melloras na biblioteca do centro

Espazo físico

O espazo físico do que dispón a biblioteca no novo centro é unha sala de 101 m² orientada ao norte con dúas paredes de fiestras. A maior dispoñibilidade de espazo permitiu que a superficie de andeis aumentara considerablemente, renovada cunha moderna dotación de mobiliario, unha parte procedente da Consellería ao poñer en funcionamento o novo centro e outra do apartado de equipamento mobiliario do PLAMBE.

Tanto o novo mobiliario como a distribución das distintas áreas de traballo, zona de computadoras, zona de audiovisuais, e postos de lectura ou traballo, están pensadas para que os usuarios poidan facer o distintos labores comodamente.

Na zona de ordenadores contamos con oito modernas computadoras, seis da dotación da Consellería e dúas mercadas co orzamento do PLAMBE no apartado de equipos. Así mesmo, contamos con catro Combos TV-DVD que se mercaron o curso pasado a cargo tamén dos fondos do PLAMBE e unha computadora para a xestión da biblioteca. Outra das melloras no apartado de equipamento audiovisual foi a incorporación dun canón de vídeo, adquirido este curso grazas as achegas do PLAMBE.

Aínda que contamos coa dotación de mobiliario novo da Consellería ao poñer en funcionamento o centro, este curso coa dotación para mobiliario incorporamos novos andeis e dous expositores móbiles, ademais de adecuar a zona de **Hora de Ler** con expositores, unha esteira, unha alfombra e varios puff.

Fondo documental

Os criterios que determinaron este ano as compras para a renovación documental foron:

1. Consideramos as necesidades de ampliación, renovación e actualización do fondo. Para este traballo todos os departamentos fixeron unhas listaxes de materiais, en



- distintos soportes, coas carencias que consideraban máis relevantes para o desenvolvemento do seu labor.
2. Tal como ía programado no proxecto, este curso os departamentos de Música, Educación Visual e Plástica e Tecnoloxía tiveron un orzamento especial para a adquisición de material de referencia cara a mellor desenvolver os distintos currículos.
 3. Outro aspecto que tamén salientamos, e que determinou a adquisición de fondos foi a necesidade de renovación de obras de literatura xuvenil incorporando títulos recentes e novas colección que resulten atractivos para os lectores.
 4. A ampliación da sección de materiais audiovisuais e multimedia, que era pobre e insuficiente. As compras neste apartado, aínda que melloraron moito a dotación desta sección, deben ampliarse considerablemente no próximo curso.
 5. O inicio da aplicación do Proxecto Lector. Os departamento fixéronnos chegar as súas peticións e o equipo de biblioteca tentou cubrilas, especialmente naqueles departamentos que presentaban mais carencias e necesidades para a súa aplicación.
 6. Como en cursos anteriores a compra de varios exemplares dos libros de lectura obrigatoria para compensar as desigualdades sociais.
 7. Con aquel fondo documental duplicado, deteriorado ou que neste momento ten pouco interese fíxose a modo de depósito, nunha pequena sala do centro, unha *Biblioteca B*, accesible, catalogada e organizada seguindo a CDU.

A biblioteca conta a 31 de Maio cun **fondo de 7684 rexistros**, constituídos maioritariamente por materiais bibliográficos, pero tamén cunha destacada presenza de soportes audiovisuais e multimedia: 353 audiovisuais, 30 gravacións musicais e 31 multimedia.

Dispoñemos dunha organización espacial do fondo con centros de interese creados en base a criterios que atenden á CDU e ás diferentes materias impartidas. O longo do curso fíxose de modo sistemático o rexistro e a catalogación das novas incorporacións. Deste xeito todos os usuarios teñen a súa disposición en Internet o catálogo, a través da páxina web do Proxecto Meiga:

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/BusquedaCl.aspx?CodigoBiblioteca=CBM004>

2.- Funcionamento da biblioteca do centro

Xestión técnica da Biblioteca

Para a atención da biblioteca contamos coa axuda dun técnico en biblioteconomía que se ocupa das tarefas de organización, rexistro e catalogación dos fondos. Ao mesmo tempo xestiona o servizo de empréstito e colabora en tarefas organizativas e de difusión de actividades.

Neste eido, continuamos traballando na liña de anos anteriores, cunha catalogación dos materiais segundo as normas empregados das bibliotecas públicas (marcados polos criterios de catalogación do Ministerio de Cultura), procurando a maior calidade na descrición dos asentos (incorporando notas de contido, sinopses nos audiovisuais, etc.), e prestando especial atención á precisión nos encabezamentos de autoridade e materia, un punto esencial cara a posterior correcta recuperación da información.



Deste xeito foron de referencia á hora de traballar as listaxes de autoridades e materias da Biblioteca Nacional de España e as materias para literatura infantil-xuvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Lembrar, para este último punto, que dende fai dous anos incorpóranse materias as obras de ficción infantil-xuvenil e adultos.

Continuáronse empregando as Categorias Meiga, para converter o OPAC nun escaparate virtual - crear un directorio de temas (Centros de interese)- que amose o contido da colección e permitan buscas precisas, seguindo os criterios establecidos pola OPAC Meiga, empregados, por exemplo, na rede de bibliotecas públicas de Galicia.

Servizo de empréstito

Funcionou como en anos anteriores, centralizándose principalmente nos recreos a maior demanda de libros para consultar fóra da sala. Un total de **55** rapaces e rapazas déronse de alta como usuarios este curso, mentres **170 socios** empregaron regularmente o servizo. Cada un deles pode levar ata tres libros ou outro material durante quince días renovables. Contabilizáronse un **total de 2729 empréstitos** dende comezos de curso ata o 31 de maio de 2009 (datos estatísticos Proxecto Meiga).

A xestión do empréstito realizase de xeito automatizada, empregando a aplicación Proxecto Meiga e un lector de código de barras, que axiliza enormemente este proceso. Para tal fin, os carnés de usuario e os libros e audiovisuais incorporan unha etiqueta cun código de barras que se aplica a todos os fondos incorporados dende fai varios cursos.

A biblioteca na web:

No portal web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion/> a biblioteca ten un lugar destacado. Nel pódese acceder aos programas de dinamización recollidos no Plan Mellora: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion?q=category/28/633> ; coñecer os diferentes servizos que a biblioteca ofrece: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion?q=category/28/609> ; consultar o catálogo da biblioteca: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion?q=category/28/611> ; visitar o recuncho do lector para ver as novidades e destacados do mes, acceder ao club de lectura, facer unha achega ao recuncho literario, ou dar a opinión sobre lecturas e demais...: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion?q=category/28/612> ; incluso consultar a prensa diaria nas súas edicións dixitais: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion?q=category/28/120>

Horario real de apertura

A biblioteca estivo aberta o 70% da xornada lectiva. Isto foi posible porque contemplouse esta necesidade á hora de facer os horarios do profesorado, estas horas cubríronse co profesorado do equipo de biblioteca que figuraba no proxecto de solicitude do PLAMBE.

3.- Actividades desenvolvidas

Consideramos que as actividades programadas desde a biblioteca consolidárona como un espazo de traballo e lecer para todo o alumnado que está contribuíndo de xeito eficaz a romper as barreiras que crean as desigualdades sociais e que no noso caso son moi acentuadas por ter entre o noso alumnado unhas grandes diferenzas sociais.

Foi un dos obxectivos que nos marcamos ao participar neste programa o de diminuír as fendas, tanto familiares como sociais, que os diferentes estamentos do noso alumnado



representan. Puxéronse a disposición de todos e por igual unha serie de recursos e materiais aos que, doutra maneira, algúns non terían moitas oportunidades de acceder. O desenvolver este Proxecto de biblioteca xunto coa posta en marcha do Proxecto Lector en combinación co Plan TIC foi unha liña de traballo que pensamos consolidar nos próximos cursos.

Consideramos que a ampliación e consolidación deste sistema de biblioteca escolar e un dos retos cara ao cambio do sistema educativo.

Formación de usuarios

- Visitas guiadas á biblioteca onde o profesor encargado do proxecto co apoio do técnico municipal colaborador impartiron sesións de orientación sobre a organización, funcionamento, servizos e contidos da mesma, así como sobre o espírito que impulsa este proxecto de dinamización.
- Elaboración dunha guía de recursos destinada a alumnos e profesores do centro, con listaxes de recursos e materiais á disposición dos diferentes departamentos e áreas curriculares.
- Promoción dos recursos que ofrece a páxina web do instituto no apartado da biblioteca no referente a este punto. Esta actividade repetiuse varias veces ao longo do curso e en distintas materias.
- Actividades de localización de documentos a partir das indicacións dos catálogos no novo espazo e distribución da biblioteca.
- Actividades para recoñecer e a importancia de clasificar os materiais e de manter unhas normas de organización na biblioteca.
- Actividades para coñecer o sistema de clasificación que ten a biblioteca, así como os apartados para os diferentes temas e as divisións por idades.
- Utilizar os novos carteis e rótulos para orientarse con facilidade na busca de materiais.
- Actividades para identificar as diversas fontes de información en función dos distintos niveis informativos: enciclopedias, dicionarios, manuais, monografía, bases de datos, soportes ópticos, electrónicos...
Estas actividades desenvolvéronse nas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá, Tecnoloxías, Educación Visual e Plástica, Bioloxía, Xeografía e Historia, Proxecto Interdisciplinar, Ámbito Científico e Ámbito Lingüístico de 1º e 2º de PDC, Alternativa en distintos niveis e Relixión.
- Realización de buscas documentais arredor de necesidades informativas concretas orientadas dende as diferentes materias do currículo.
- Actividades para aprender a realizar unha busca documental a partir dunha necesidade específica de información.
- Actividades para utilizar os recursos da biblioteca, tendo en conta as súas normas de funcionamento e o seu sistema de organización.
- Reseñas documentais do recurso utilizado, esta actividade desenvolveuse e procurouse sistematizala ao longo de todo o curso.
Estas actividades desenvolvéronse nas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá, Tecnoloxías, Educación Visual e Plástica, Bioloxía, Xeografía e Historia, Proxecto



Interdisciplinar, Ámbito Científico e Ámbito Lingüístico de 1º e 2º de PDC, Alternativa en distintos niveis e Relixión.

Educación documental

- Organizaranse sesións na biblioteca onde distintos grupos, acompañados dos correspondentes profesores, puxeron en práctica as técnicas de busca de información e uso de recursos bibliográficos aplicados a cada materia no desenvolvemento de traballos concretos propostos polo profesorado da área curricular. Algúns destes traballos colgáronos despois na web do centro. Esta actividade desenvolveuse durante todo o curso.

- Debuxo

Léxico BD

Actividade desenvolvida en 3º de ESO

A actividade consiste na elaboración dun pequeno índice ilustrado de termos relativos á banda deseñada.

Primeira fase

Introdución á estrutura da banda deseñada.

Introdución ás linguaxes visual e verbal na banda deseñada.

Análise de diferentes obras con recoñecemento dos elementos constitutivos das mesmas.

Segunda fase

Elaboración individual dun repertorio de termos específicos da banda deseñada incluíndo as definicións mediante un formulario en liña.

Elaboración conxunta en aula dun repertorio final consensuado a partir das diferentes propostas individuais.

Selección e dixitalización de imaxes que exemplifiquen as definicións dos termos recompilados.

Terceira fase

Edición e publicación en liña dos contidos elaborados.

http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion/bd/lexico_bd.html

- Música

O orzamento extraordinario dos que dispuxo o departamento de Música tivo como obxectivo fundamental dotar á biblioteca de material audiovisual tanto para o traballo de aula coma para uso e goce de calquera usuario.

As mercas perseguiron romper a infra-representación dos capítulos de ballet e ópera dos que a parte visual é tan importante e con orientación preferente a temas didácticos e contemporáneos e sempre carísimos para o orzamento habitual deste departamento.

Achegar a música orquestral aos escolares da man de orquestras capaces de “seducir” co seu exemplo musical e ético:

1. O sistema nacional de Venezuela. A posta en marcha por Santiago Abreu deste proxecto desde hai moitos anos dando violíns e clarinetes aos nenos de rúa e converténdoo en instrumentistas. A Orquestra nacional de Venezuela dirixida por Gustavo Dudamel está sendo un exemplo deste empeño para os músicos do mundo, e dalgún xeito se expresou así na concesión do premio Príncipe de Asturias



2008.

2. A West-Eastern Divan Orchestra, proxecto liderado por Ed. Said e D. Barenboim. Esta orquestra ten como obxectivo ensinar a palestinos e israelís que poden facer música xuntos e achegarse, dialogar, escoitarse.
3. Dispór de algúns concertos “míticos” dos que existen gravacións audio-videos, caso do concerto no pazo de Buckhingham no aniversario da raíña Isabel con músicos de pop e rock, o concerto de aninovo coa Orquestra Sinfónica de Viena, 2009 Barenboim, ou discos como *Kind of blues* de Miles Davis, tamén en formato visual e con gravación de como se fixo esta música. Ou a fermosa película cuasi-ópera galega de *De profundis* con música de Nani García.

Ao longo do curso, nas aulas, traballamos tres cousas da man destes materiais:

A Orquesta West-Eastern Divan Orquestra, “Concierto en Granada” moi oportunamente chegada á aula da man do masacre israelí sobre Palestina nos finais de 2008 comezos 2009, acompañado de lectura dalgún texto sobre música-tarefas dos músicos dunha orquestra e o escoitar do libro de Barenboim “O sonido é vida” *Esto es Ritmo* que grava a experiencia que Simon Rattle, director da Sinfónica de Berlín, propón a escolares berlineses de bailar o ballet de Stravinski, *A Consagración da Primavera*. Este tema traballámolo sobre todo en 3º e 4º de ESO.

O *Cantar do gran Sol* de Nani García en *De profundis* que funde as súas raíces nese himno medieval de peregrinos, *Ultreia* “Dum Paterfamilias” permitíndonos entroncar e establecer conexións e fíos a través da cultura -A Cultura mesma- entre o século XII Compostela e música de cine con achegamento ao Jazz e logo vencellándoo a Roi Casal, un mozo cantautor que tamén recupera no seu primeiro disco esta obra.

A ópera terá que agardar. Non temos tempo este curso de utilizar o material “Cómo se fai unha ópera” a través do tan valioso DVD de Benjamin Britten: *El pequeño deshollinador*.

- Tecnoloxía
Actividade 1ª

Ao alumnado de 3º de ESO da materia de Tecnoloxías propónselle un proxecto na 3ª avaliación que actualmente están rematando para desenvolver contidos do programa tales como:

1. Materiais e ferramentas de traballo cos materiais. O traballo require traballar con madeira, metais e plásticos
2. Mecanismos. O proxecto necesita dunha reductora de movemento tal como poleas e correa, pola facilidade construtiva
3. Electricidade e enerxías. Circuito e motor como elemento transformador de enerxía eléctrica en cinética
4. Método de proxectos. Método de traballo organizativo.
5. Técnicas de expresión gráfica e comunicación.
6. Aplicacións ofimáticas: Procesador de textos, folla de cálculo e presentacións.

Unha vez realizada a proposta de traballo ao alumnado, empeza a fase de **Busca de**



información, na cal interveñen os recursos bibliográficos como elementos fundamentais para dar continuidade nas seguintes fases: deseño, planificación, construción e avaliación. A información foi obtida principalmente de manuais de texto, a web www.tecno12-18.com e libros de proxectos e experimentos diversos.

Proxecto: Deseño e construción dun **ciclista** sobre unha **bicicleta** que cumpra as seguintes **condicións**:

- Os **materiais** empregados para a construción deben ser metal (aramio) madeira, e plástico
- O **movemento** será accionado por un interruptor que activará un motorciño eléctrico, alimentado por unha pila ou placa solar
- A velocidade de xiro do motor debe ser reducida empregando algún **mecanismo** de transmisión de movemento circular
- O movemento debe transmitirse como mínimo aos pedais da bicicleta que darán movemento ás pernas articuladas do ciclista. Tamén pode transmitirse o movemento ás rodas da bicicleta.

Algúns dos proxectos rematados pódense ver nas seguintes imaxes:



Na seguinte dirección web poderán verse os traballos a medida que se van rematando, así como pequenos vídeos que amosan o seu funcionamento:

<http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion/?q=node/853>

Actividade 2ª

Ao alumnado de 4º de ESO do PDC, Programa de Diversificación Curricular, propónselle a seguinte actividade:

Análise de aparellos electrónicos, consistente en desmontar, identificar e analizar os compoñentes básicos de aparellos electrónicos para obter información deles e intentar reparalos, conseguíndoo nalgúns casos.

1. Toma de imaxes dos aparellos para coñecelo seu interior e comprender o funcionamento. Para a identificación dos compoñentes eléctricos e electrónicos empregáronse diversos manuais da materia, pósters divulgativos, así como bibliografía específica de electricidade e electrónica e DVD, e fontes documentais sobre radios.



Exemplos de aparellos analizados:




As imaxes dos aparellos analizados, así como a descrición detallada da actividade pode consultarse na seguinte dirección web: <http://centros.edu.xunta.es/iesdebrion/?q=node/883>

Actividade 3ª

1º curso de Bacharelato, materia Tecnoloxía Industrial

Un bloque de contidos do programa da materia de Tecnoloxía Industrial I é RECURSOS ENERXÉTICOS. A actividade consta de dúas fases:

1. **Estudo das Enerxías:** Empézanos o bloque cunha unidade introdutoria ao tema para propor un estudo sobre os diferentes tipos de enerxías no cal se empregaron recursos bibliográficos variados tales como manuais de texto, libros específicos de enerxías, enerxías renovables, DVD, recursos web diversos: www.tecno12-18.com, <http://www.unesa.es/>, <http://www.inega.es/inega/2007/web/portada.php>, <http://ares.cnice.mec.es/electrotecnia/index.html>
2. Emprego das TIC para a elaboración de documentos e para a presentación de obxectivos e resultados. Unha vez buscada e seleccionada a información, sobre enerxías cumpría darlle un formato aprendendo a empregar diversos recursos TIC:
 - 2.1 Elaborar presentacións empregando o software axeitado, Openoffice impress.
 - 2.2 Subir as presentacións a un espazo web de presentacións on line como scribd ou slideshare
 - 2.3 Elaborar unha wiki donde se presentaran a totalidade dos traballos, se suban imaxes e vídeos complementarios e se poida navegar entre as páxinas da wiki.A wiki elaborada pode consultarse na seguinte URL: <http://enerxias.wiki.is>.





- Relixión

Dende o departamento de Relixión procurouse un achegamento cultural ás relixións a través do material que temos na biblioteca.

Así, a través da Biblia e de comentarios de texto achegámonos ao Corán, a Torá no Xudaísmo, o Vinaya dentro do Budismo e o Libro dos Mortos no Budismo Tibetano, os Upanisad e o Ramayana no Hinduísmo, o Kojiki no Sintoísmo e o Tao-te King no Taoísmo. Todos estes libros, atlas e dicionarios das relixións forman parte do fondo dedicado ás distintas confesións que hai no mundo e ás que procuramos entender, comparar co cristianismo e tamén entre elas, buscando o que nos une e o que nos separa para mellor entender o mundo diverso en que vivimos.

- Proxecto Interdisciplinar

No primeiro trimestre, para o proxecto “*Unha viaxe virtual a un país de fala inglesa ou francesa*”, o alumnado traballou en grupos investigando diversos temas relacionados co país da súa elección e crearon os seus propios blogs con “*blogspot.com*”.

Para a investigación empregaron as enciclopedias e os atlas; e os dicionarios e as guías de viaxe nas seccións de Lingua Inglesa e Lingua Francesa. A procura de imaxes para publicar nos seus blogs e outra información máis concreta levouse a cabo en Internet. Todos os blogs están vinculados ao blog da profesora que impartiu a materia, o blog “*nodriza*”, titulado “*Bitácora do Proxecto Interdisciplinar*” e onde se ían publicando os pasos que tiñan que dar os grupos, cada un ao seu ritmo: <http://iesdebrion.blogspot.com>. Á súa vez, o blog da profesora está vinculado á páxina do instituto; dende aquí, todos os alumnos poden visualizar os blogs dos seus compañeiros e publicar comentarios.

No segundo trimestre, empregouse a biblioteca como lugar de traballo para o proxecto “*Xornais*”. As primeiras investigacións fixéronse cos xornais vellos da sala de profesores, pero máis adiante procuraron información específica de xornais en castelán na rede de todo o mundo. Tamén empregaron os ordenadores para deseñar as portadas dos xornais da súa creación, redactar as novas, e incluír fotografías dixitais.

No terceiro trimestre, os alumnos fixeron un traballo de auto-avaliación creando exames axeitados ao seu nivel para todas as súas materias. Para este bloque de contido da materia de Proxecto Interdisciplinar, fixeron moito uso dos libros de texto das distintas seccións por materia, para extraeren contidos e ideas para exercicios.

- Alternativa

A profesora que impartiu esta materia en 1º de ESO programou actividades de lectura en voz alta e para o grupo. Elixiu como primeiro libro “*Pel de Lobo*” de Xosé Miranda, dado o grande éxito que tivo o tema o grupo demanda continuar con relatos de intriga; elíxese a serie “*Crónicas de la Prehistoria*” de Michelle Paver e sobre a lectura, tamén en voz alta pola profesora, fanse debates sobre a diferenza de estilos de vida daquela e agora, nesa época.



- Inglés, 3º e 4º ESO
Empregáronse as computadoradoras da biblioteca unha vez á semana para acceder ó programa Malted, un proxecto do Ministerio de Educación que é unha aula virtual e multimedia de inglés. Ten unidades didácticas de todos os niveis da ESO e Bacharelato, e os alumnos teñen a adquirir certa autonomía na súa aprendizaxe do inglés, tendo a posibilidade de escoitar inglés real, imitalo gravando fragmentos de diálogos coas súas voces, ir aprendendo gramática e vocabulario adaptado ó seu nivel, facendo exercicios para afianzar contidos, e despois facer unha avaliación final que poden enviar por correo electrónico á profesora. O programa Malted instalouse dende o CD autoexecutable en todos os ordenadores da biblioteca e da aula de informática, pero tamén é accesible dende a rede na dirección: <http://malted.cnice.mec.es/unidades/index.html>
- 1. Traballamos regularmente tamén dende un blog de creación propia específica para estes dous grupos de inglés (1º e 2º PDC): <http://minniemouseenglish.blogspot.com>. Este blog empregouse principalmente como folla de traballo con material de apoio ás miñas clases tradicionais. Ademais de exercicios específicos que hai na rede para afianzar contidos de vocabulario ou gramática, tamén lles propuxen varios proxectos en forma de “Internet Treasure Hunts” (procuras do tesouro) ou “Web Quests”, nos que tiñan que completar unha serie de preguntas acerca dun tema concreto. Dende este blog poden acceder aos vínculos dun bó dicionario bilingüe inglés-castelán na rede, dun xornal coas novas mundiais en inglés actualizado todos os días, de páxinas feitas por profesores de inglés que inclúen cancións en inglés coas súas letras, ou de reportaxes específicos de televisións como a NBC, coas transcripcions e traducións feitas por mín en formato PDF (por exemplo o discurso inaugural de Barak Obama).
- Latín
A profesora de Cultura Clásica e Latín en 3º e 4º da ESO e do Ámbito sociolingüístico en 1º de PDC fai uso sistemático dos distintos materiais audiovisuais e en soporte tradicional da biblioteca utilizándoa para velos nos combos nuns casos, lectura e busca de información a través da rede noutros.
Os materiais audiovisuais son imprescindibles en Cultura Clásica e Latín porque permiten achegar ao alumnado a outras realidades espaciais e temporais facendo deste xeito que sexa visible o invisible e crible o que ás veces parece increíble desde a súa perspectiva.

Animación á lectura

As actividades de fomento da lectura programadas desde a biblioteca centráronse en dous aspectos:

- Procura de novos lectores e usuario
- Divulgación tanto dos fondos xa existentes como das novidades.

1. Expositores de novidades. Os dous expositores móbiles, que tanto poder estar no espazo da biblioteca como na entrada do centro, onde se van colocando as obras



máis destacadas ou que máis gancho teñan para os usuarios. Esta actividade desenvolveuse ao longo do curso.

2. Exposicións temáticas. O seu obxectivo foi dar a coñecer e lembrar a todos os usuarios da biblioteca os fondos bibliográficos e materiais que teñen a súa disposición, e facilitar ao profesorado a realización de actividades cos seus alumnos para conmemorar datas ou acontecementos relevantes. Seleccionáronse libros, revistas, material audiovisual e direccións de Internet e expuxéronse no expositor móbil. Algunhas das exposicións acompañáronse de propostas de actividades a realizar cos alumnos.

3. Ano Vidal Bolaño. Na procura de dotar ao centro dunha identidade propia acordouse dedicar cada curso escolar a unha persoa, ou a un tema, que sexa relevante no eido da cultura, do deporte, da política, da historia, da ciencia... e ao redor del desenvolver moitas das actividades, tanto de aula coma extraescolares e complementarias.

Para encetar esta proposta, neste curso, eliximos a Roberto Vidal Bolaño, dramaturgo, actor e director de escena que tivo unha grande importancia na creación do teatro nacional galego. A súa figura é unha referencia clara e de calidade do noso teatro, pero ademais Vidal Bolaño foi, nos últimos anos da súa vida, veciño do concello de Brión.

O ano Vidal Bolaño comezou cunha mesa redonda sobre a súa figura na que participaron Manuel Lourenzo actor, dramaturgo, director teatral, compañeiro de xeración e amigo de Vidal Bolaño, Rubén Ruibal, quen durante dez anos traballou con el na compañía **Teatro do Aquí** e despois dedicouse a escribir acadando no 2007, con *Limpeza de Sangue*, o Premio Nacional de Literatura Dramática e Alberte Álvarez Técnico de Cultura do concello de Brión, actor e director do grupo de Teatro de Cámara Ditea e presidente, durante un tempo, da Federación Galega de teatro Aficionado.

Ao longo do curso, e nos distintos niveis, traballáronse unha selección de textos, en diferentes soportes, e fixéronse traballos escolares para o monográfico da revista **Autopías**.

No mes de maio, dentro da Semana das Letras, e en colaboración coa ANPA o grupo *Bartoleta Teatro*, de Ferrol, representou a súa obra **Animaliños**. Así mesmo o grupo de teatro do instituto representará fragmentos de **Animaliños**.

Exposición gráfica e bibliográfica da súa obra e designarase á biblioteca do centro Biblioteca Vidal Bolaño. Os actos cerráronse o día 28 de maio coa conferencia, ás oito da tarde aberta a toda comunidade educativa, de Xosé Fernández, sobre este autor e a súa obra.

Con todo o material recompilado editouse un CD.

3. Letras Galegas. No mes de maio expuxemos unha mostra do fondo relacionada co tema en xeral e coa figura de Ramón Piñeiro en particular. Ademais tivemos actividades de contacontos para todos os niveis.
4. Folla de novidades. Nos taboleiros informativos da biblioteca publícase unha folla coas últimas novidades chegadas (prestando especial atención á lectura para o lecer). Trátase dunha guía que inclúe imaxes das cubertas das obras a cor, ou outras



relacionadas coa súa temática, acompañadas dunha ficha bibliográfica e un resumo. Esta actividade desenvolveuse ao longo de todo o curso.

5. Recuncho **Hora de Ler**, no corredor de acceso á biblioteca adecuouse un espazo para a lectura informal, conta cun expositor onde hai unha selección de novidades de lectura motivadora, variada e que se actualiza con frecuencia, unha alfombra e varios puff, no tempo que leva funcionando está sendo utilizado, fundamentalmente, polo alumnado de 2º de ESO.
6. Revista escolar. O equipo de dinamización da biblioteca colaborou co Equipo de Normalización Lingüística na realización da revista escolar AUTOPIAS.
7. Oferta de Libros. Recollendo a idea que propón Agustín Fernández Paz no conto *Un río de palabras*, do libro *O único que queda é o amor*, púxose na entrada do centro un rande mural onde cada quen ofertaba para que outros leran aqueles libros que lle eran máis gratos ou que querían compartir co resto o modelo que seguimos aparece a continuación:





Elsa notou como un formigo lle medraba no ventre a medida que pescudaba os zapatos de Sagrario e ía atopando anacos de papel nas entresolas. De súpeto pareceulle oír o son duns pasos ascendendo polas escaleiras... Decidiu reservar a lectura do seu contido e ás prásas gardou un prego no peto da chaqueta. Posuidora da chave, que axiña acordou non devolver a Florinda, volvería noutra ocasión e revisaría con calma os demais...

“Ninguén garda algo nun lugar así se non esconde un segredo”, cavilou, e sospeitou que Sagrario ocultaba algún misterio. Aínda meteu os finos dedos noutro zapato e sentiu a rozadela dunha textura máis dura. Tirou con igual coidado. Decontado tivo na man unha fotografía antiga que, nunha rápida visual lle amosou a imaxe dun home novo, alto e atractivo.

A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A
S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S
O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O	O
M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M	M
B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B	B
R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R	R
A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A
D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D	D
E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E
S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S	S
C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C
A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A
L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L	L
Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z	Z
A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A
,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,
A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A	A
n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n
a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a
l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l	l
f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f	f
a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a
y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y	y
,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,
E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E
d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d
.
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e
r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r
a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a
i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i	i
s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s
,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,	,
F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F
ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó	ó
r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r	r
a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a	a
d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d	d
e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e	e
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o
g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g	g
o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o



8. Oferta de cine

Na procura de ampliar e dinamizar a nosa filmoteca tomáronse as seguintes medidas:

- Incorporáronse novos títulos ao fondo atendendo ás peticións de distintos departamentos..
- Púxose todo este material a disposición da comunidade educativa mediante o sistema de préstamo.
- Procurouse que en case todas as exposicións temáticas que se fixeron estivera tamén recollido material cinematográfico.
- Moitos departamentos e áreas utilizaron como complemento didáctico fundamental o cine e os documentais para ilustrar o desenvolvemento dos seus proxectos curriculares.

Encontros con escritores

- Sechu Sande, no mes de decembro veu ao centro para ter unha charla co alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato sobre *Made in Galicia*, fixéronlle moitas preguntas sobre distintos personaxes e situacións dos relatos da obra, como remate leu un conto inédito.
- Manuel Núñez Singala, sobre a súa obra “*A comedia bífida*”, tivo un encontro co alumnado de 4º onde fixo unha análise lingüística dos prexuízos co galego. Bali Rai, o día 29 de maio e sobre a obra “*Un casorio ben mal amañado*”, tivo unha charla co alumnado de 4º de ESO e 1º de BAC onde resaltou a grande riqueza que supón a multiculturalidade, ao remate tivo lugar un coloquio en galego e en inglés.

Club de lectura

Neste curso puxemos a funcionar un Club de Lectura que contou coas seguintes

actividades:

1. Reunións presenciais
2. Actividades complementarias
3. Valoración

Reunións presenciais

1ª Reunión (18 de febreiro de 2009)

Coloquio sobre os libros propostos:

- para 1º ciclo, ***A miña planta de laranxa lima*** de José Mauro de Vasconcelos.
- para 2º ciclo, ***O único que queda é o amor*** de Agustín Fernández Paz.

Ambos libros tiveron boa aceptación e favoreceron un intercambio de opinións moi animado. O feito de leren libros diferentes propiciou a actividade de intercambiar o resumo oral dos seus contidos.



:: Memoria curso 2008-2009 ::

Biblioteca Roberto Vidal Bolaño do IES de Brión

2ª Reunión (23 de abril de 2009)

Coloquio sobre **El curioso incidente del perro a medianoche** de Mark Haddon (lectura para todos en castelán ou galego).

O coloquio estivo precedido da proxección da película **Rain Man**, de xeito que o autismo a as súas variantes foi o fío condutor da conversa. Fixemos unha análise comparativa entre o retrato dun autista adulto (protagonista da película) e un autista adolescente (protagonista do libro). Tamén reflexionamos sobre a relación dun autista co seu medio social e familiar.

3ª Reunión (13 de maio de 2009)

Coloquio sobre o libro **Cartas de amor** de Fran Alonso, precedido pola visita na web de dous vídeos do autor:

- Fran Alonso nun Encontro na Biblioteca Escolar "O Segrel do Penedo", no que fala deste libro (dur. 1'39").

- "Por que comecei a escribir?" (dur. 2'49").

A conversa centrouse na variedade temática que ofrecen as cartas con especial incidencia na guerra e a inmigración, por seren temas que permitían a comparación entre dúas cartas que amosaban perspectivas diferentes.






Actividades complementarias

Como complemento ás reunións presenciais, propuxéronse e leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Comentarios persoais da lectura dos libros propostos que se incluíron na páxina web do centro, na sección Biblioteca-Club de Lectura.
- Traballos inspirados nos libros lidos, como a elaboración dunha carta de resposta a unha das que compoñían o libro de Fran Alonso ("Confesión") acerca da homosexualidade.
- Actividade para o **Día do Libro**, da que xa falemos nesta memoria, inspirada no relato "Un río de palabras" do libro de Agustín Fernández Paz comentado na primeira reunión. O traballo está exposto na entrada do instituto.



Aínda queremos levar a cabo dúas actividades máis no mes de xuño, coincidindo co remate das clases:

- Reunión presencial para escoitar a lectura do relato premiado no concurso de Coca Cola escrito por unha das alumnas do club e para comentalo.
- Visita guiada a dúas bibliotecas públicas e unha librería de Santiago.

Valoración

A valoración da formación e desenvolvemento do club de lectura é moi positiva e está baseada nos seguintes aspectos:

- O entusiasmo pola lectura. Realmente o alumnado do club goza lendo de xeito incondicional.



- o enriquecemento que supón o intercambio de impresións sobre a lectura común.
- o coloquio que deriva cara aspectos da realidade facilmente asociables coa lectura.
- a convivencia e achegamento nas relacións persoais, tanto entre profesorado e alumnado como entre alumnos e alumnas que pertencen a diferentes grupos e niveis.

En definitiva, foi moi satisfactoria a participación constante e o interese amosado, o que nos leva a esperar que no próximo curso o club se mantéña e mesmo poida aumentar o número de persoas que o formen.

Atención á diversidade

A biblioteca acolleu varias actividades destinadas a mellorar as capacidades lectoras, comprensivas e expresivas de grupos de alumnos con necesidades especiais nestes campos. Tivéronse en conta as súas necesidades á hora de compra de material bibliográfico axeitado o seu nivel.

- Inglés, 1º e 2º cursos de PDC

Traballouse regularmente tamén dende un blog de creación propia para estes dous grupos: <http://minniemouseenglish.blogspot.com>. Este blog empregouse principalmente como folla de traballo con material de apoio ás clases tradicionais. Ademais de exercicios específicos que hai na rede para afianzar contidos de vocabulario ou gramática, tamén se lles propuxo varios proxectos en forma de “Internet Treasure Hunts” (procuras do tesouro) ou “Web Quests”, nos que tiñan que completar unha serie de preguntas sobre un tema concreto. Dende este blog poden acceder aos vínculos dun bo dicionario bilingüe inglés-castelán na rede, dun xornal coas novas mundiais en inglés actualizado todos os días, de páxinas feitas por profesores de inglés que inclúen cancións en inglés coas súas letras, ou de reportaxes específicos de televisións como a NBC, coas transcripcións e traducións feitas pola profesora en formato PDF (por exemplo o discurso inaugural de Barak Obama).

- Ámbito lingüístico

A profesora do Ámbito Lingüístico de 3º de PDC fixo un uso continuado da biblioteca, o grupo ten unha hora semanal de lectura compartida. Procurando unha selección de libros dos que haxa unha película ou documental relacionados co tema tratado para poder vela ao remate. Despois teñen que entregar un traballo. Con este mesmo grupo, que se achegan por primeira vez ó estudo da literatura desde un punto de vista histórico, tamén se bota man do material de apoio audiovisual para facer unha introdución histórica e socio-cultural da época a tratar. Nos Desdobres de 2º de ESO e nos Reforzos do 1º nivel, nas dúas linguas, houbo actividades de lectura compartida e sesións específicas onde fixeron traballos prácticos de procura de recursos empregando as fontes dispoñibles na biblioteca, tanto bibliográficas como dixitais.



Dado que no 1º nivel de ESO temos dous alumnos con moita necesidade de apoio, acórdase crear para eles unha sección na biblioteca de libros para primeiros lectores.

O proxecto lector

Este curso rematamos o deseño do PL e presentámolo ao claustro para que se debatese e aprobase, no primeira CCP do próximo curso e sobre este documento imos presentar un Plan Lector que implique a todas as materias e a todos os grupos.

O noso Proxecto Lector:

Introdución

A lectura e a escritura son competencias básicas de carácter instrumental que resultan imprescindibles para a aprendizaxe ao longo da vida dentro da sociedade da información e o coñecemento.

O sistema educativo ten que promover que desde os centros se establezan unhas liñas básicas de actuación, asumidas polo conxunto do profesorado, coa fin de fomentar unha didáctica coherente e integradora da competencia lectoescritora e informacional.

O deseño dun **Plan lector de centro** adaptado ao contexto e as necesidades de cada centro, que favoreza a cooperación, a corresponsabilidade do profesorado e a integración curricular da biblioteca escolar pode ser un instrumento moi útil no desenvolvemento destas competencias.

Marco normativo

LOE: Reforzar a lectura

Artigos 19.2/24.7/25.5: Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, *a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.*

Artigo 26.2: *A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.*

DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas de Educación Secundaria en Galicia.

Anexo V: *Proxecto lector de centro*

Decreto, Artigo 5: A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantiran na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa *de acordo co proxecto lector do centro.*

Principios do Proxecto lector de centro

Cara a conseguir unha ensinanza de competencias o Proxecto Lector ten que responder a unha serie de principios que o transformen nun instrumento efectivo para favorecer o desenvolvemento curricular e a mellora educativa.

1. *Análise das necesidades.* O PLC debe detectar as principais carencias e dificultades relacionadas co ensino-aprendizaxe da competencia lectoescritora no noso contexto educativo e sociocultural para elaborar un plan adaptado ás características do alumnado.



2. *Integración no currículo a lectoescritura e a alfabetización informacional.* O PLC debe desenvolver actividades que teñen obxectivos curriculares de cada materia e ao mesmo tempo algúns dos relacionados coa competencia lectoescritora e a alfabetización informacional. A integración curricular é unha das mellores alternativas para desenvolver a competencia lectoescritora. Suxírese como o compromiso do profesorado desde a súa materia en motivar ao alumnado na lectura e na escritura.
3. *Referente didáctico á hora de facer e aplicar as programacións.* O PLC debe influír no resto dos plans educativos e programacións que desenvolve o centro e fuxir da concepción de que o desenvolvemento da competencia lectora e escritora é algo propio de determinadas materias ou unha aplicación de estratexias específicas e de técnicas descontextualizadas. Debe potenciar actuacións cara á lectura de libros e textos electrónicos e noutro tipo de soportes.
4. *Potenciar o funcionamento da biblioteca escolar.* O PLC entende a biblioteca como un recurso básico no desenvolvemento de todas as materias e como un espazo de apoio a aprendizaxe tanto autónomo como colaborativo.
5. *Estimular o emprego de metodoloxías activas e aprendizaxes significativas para o alumnado.* O integrar a lectura e a escritura no desenvolvemento das materias está favorecendo un estilo docente que mellore a competencia lectoescritora e informacional.
6. *Favorecer o traballo cooperativo e a innovación educativa do profesorado.* A colaboración entre o profesorado é a estratexia que máis axuda aos procesos de innovación e mellora educativa. O PLC ao implicar a todo o claustro e a todas as materias debe favorecer o intercambio de experiencias e a reflexión desde todas as áreas curriculares.
7. *Dinamizar a lectura e as novas alfabetizacións no centro e no seu entorno.* O PCL ten que elaborar e aplicar actuacións encamiñadas a implicar ás familias no fomento da lectura e a escritura, na utilización da biblioteca e en manexar distintas fontes documentais. Tamén debe impulsar a colaboración con outras institucións ou persoas da contorna que teñan os mesmos obxectivos.



Análise do contexto

A biblioteca escolar

No curso 2007-2008 a biblioteca escolar experimentou unha profunda transformación tanto polo traslado ao novo edificio como pola inclusión do centro no PLAMBE.

Estase intentando construír unha biblioteca escolar máis dinámica, que se converta nun auténtico instrumento de apoio á docencia, á aprendizaxe e á procura da igualdade de oportunidades do alumnado.

Os fondos están compostos por material bibliográfico e materiais especiais: mapas, diapositivas, audiovisuais e multimedia, cun número de rexistros catalogados que supera os 7500.

Dende hai catro cursos contamos na sala cunha Ciberzon@, onde están oito computadoradoras desde as que procurar recursos na internet, comunicarse ou elaborar traballos para as distintas materias e acceder aos catálogos on-line da biblioteca escolar e municipal a través da web do Proxecto Meiga. Tamén hai catro Combos LCD onde visualizar de xeito individual contidos en DVD/CD.

No curso 2008-2009 creáronse en espazos externos á biblioteca dúas áreas que dependen directamente dela: “Hora de ler”, punto de información e lectura e un depósito onde está o fondo que se expurgou.

A formación do profesorado

O profesorado actualiza a súa formación acudindo a Xornadas e Encontros de bibliotecas escolares e aos Encontros dos centros do PLAMBE. E participa neste proxecto a través dos departamentos didácticos, o equipo de biblioteca, o departamento de orientación ou o equipo de normalización lingüística

Obxectivos

1. Desenvolver a competencia lectora e a alfabetización informacional.
2. Favorecer a competencia literaria
3. Educar no uso crítico da información
4. Fomentar o hábitos da lectura creando espazos anexos á biblioteca xestionados polo profesorado das distintas materias
5. Dinamizar o intercambio de experiencias lectoras entre o alumnado
6. Socializar o acceso á información e á lectura
7. Potenciar a utilización de todos os recursos que ofrece a biblioteca escolar
8. Favorecer o traballo cooperativo e a innovación educativa do profesorado
9. Coordinar a lectura de temáticas transversais desde os distintos departamentos

Concreción de actividades

Xestión e funcionamento da biblioteca escolar

Emprégase como ferramenta de xestión bibliográfica o programa informático Proxecto Meiga e séguense as regras de catalogación do Ministerio de Cultura.

Conta con servizo de préstamo que xunto coa Ciberzon@ son os máis utilizadas pola comunidade escolar. O empréstimo realízase de xeito automatizado mediante código de barras.

A biblioteca tamén acolle tradicionalmente diversas actividades e actos organizados polo centro, con motivo de conmemoracións especiais ou efemérides. Moitas delas teñen



especial vinculación coa difusión e promoción da cultura, a lectura e os libros, como visitas de escritores, maratóns de lectura, concertos de música, exposicións e presentacións. A adquisición de fondos faise de xeito coordinado entre o equipo de biblioteca e os distintos departamentos.

Alfabetización informacional

Os departamentos en coordinación co equipo de biblioteca e os coordinadores do Plan TIC deseñaran actividades encamiñadas a mellorar a alfabetización informacional como:

- Promoción dos recursos que ofrece a web do instituto
- Potenciar e dinamizar o uso da web do centro
- Fomentar a utilización do servizo de Internet como fonte de recursos informativos e culturais
- Incorporar ao catálogo de recursos electrónicos páxinas web de calidade contrastada e utilidade educativa e informativa
- Crear e dinamizar o blog de biblioteca
- Creación e dinamización dun blog de novas tecnoloxías

Promoción da lectura e a escritura

O PL dinamizará e promocionará a lectura e escritura a través de actividades como:

- Orientacións lectoras dende a páxina web do centro no apartado “*Recuncho do lector*”, con recomendacións comentadas, mes a mes
- Maratóns de lectura
- Solta de libros no centro
- Elaboración periódica de materiais que promovan e divulguen concursos de escrita e libros
- Creación e dinamización do espazo “*Hora de ler*”
- Promover a participación do alumnado na xestión e dinamización das actividades relacionadas coa biblioteca
- Exposicións bibliográficas e de outros materiais con motivo de efemérides e celebracións concretas
- Visitas de escritores e ilustradores relacionados coa literatura infantil e xuvenil e a banda deseñada
- Animación á lectura de autores clásicos a través de presentacións en soportes dixitais
- Creación dun club de lectura
- Participar na realización e actualización dos dous formatos do “*Taboleiro da Lingua*”
- Celebración da Feira do Libro e as Letras Galegas
- Visitas a outras bibliotecas



Coordinación PL-TIC

A coordinación do PL-TIC ten a súa base nas actividades de alfabetización informacional, levarase a cabo en todas as materias e estará apoiada polo profesorado encargado das TIC.

Coordinación con outras instancias da contorna

Para poñer en marcha es PL contaremos de xeito sistemático, tanto no empréstimo de fondos coma na programación e realización de actividades, coa biblioteca municipal e a concellería de Cultura do concello de Brión.

Coordinación, difusión e seguimento

Este PL estará coordinado polo equipo de biblioteca, difundirase a través da CCP en coordinación co ENL e o profesorado encargado das TIC. Esta coordinación, difusión e seguimento materializarase cada curso escolar coa presentación do Plan Lector Anual e ao remate do curso coa avaliación do mesmo.

Avaliación

- Farase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.
- Teranse en conta, non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de afrontar textos cada vez máis complexos. Tamén se cualificarán as destrezas na busca e manexo de fontes en distintos soportes.
- Considerarase a súa actitude diante da lectura como medio de aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.
- Valorarase a identificación e implicación co dos diferentes departamentos didácticos á hora de deseñar traballos ou actividades.
- As suxestións de mellora en calquera dos aspectos deste PL así como a cooperación e participación dos distintos membros da comunidade educativa na súa organización e posta en marcha.

4-Intervención e colaboración da comunidade educativa

A nosa biblioteca, como xa dixemos, é o espazo máis dinámico e integrador do centro.

Sistematizáronse as visitas tanto para facer distintas actividades do Proxecto lector como do desenvolvemento curricular. Durante o curso houbo unha grande colaboración entre o equipo de biblioteca e os distintos Departamentos tanto para organizar actividades como levalas a cabo.

Os pais e nais participaron activamente nas actividades do Ano Vidal Bolaño, poñéndonos en contacto con prominentes ou persoas próximas a este autor, asistindo ás diferentes mesas redondas e conferencias que se celebraron, danando, de bibliotecas particulares, materias en diferentes soportes á do centro, ... queremos subliñar nesta memoria a enorme cantidade de material que nos achegou a familia de Vidal Bolaño: cintas, libros, carteis, programas de man, ...

Un curso máis contamos coa inestimable axuda da Concellería de Cultura do concello de Brión, tanto na colaboración de actividades como no seu patrocinio.



5. Actividades de formación do profesorado

- Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia
- Encontros dos centros do plan de mellora de bibliotecas escolares 2008/2009

6. Produción de materiais

Dos materiais producidos ao longo do curso indicamos os enlaces nas distintas materias e achegamos algúns en soporte papel e CD con esta memoria. Achegamos tamén arquivo fotográfico.

7. Avaliación

Imos facer esta avaliación analizando os seguintes aspectos

Infraestruturas e espazos

- O espazo físico da biblioteca mellorou moito co traslado do centro así como ter a posibilidade de que só se utilice para tal fin e non como aula, o mesmo ocorre cos recursos cos que conta e os servizos que proporciona.
- Tamén gañamos espazo, sen perder a accesibilidade ao fondo, coa creación da *Biblioteca B* onde, como dixemos no apartado Fondo documental, temos todo aquel material que está obsoleto ou se consulta pouco.
- Un espazo que empeza a ser utilizado como lugar de intercambio de información de lecturas é o recuncho de *Hora de ler*. Queda no próximo curso o labor de consolidalo con renovación máis frecuente de materiais e orientación de persoas do equipo de biblioteca.
- Pensamos que conseguimos converter a biblioteca nun espazo atractivo para o alumnado, axeitado para a busca de información, o traballo individual e de grupo, e tamén como fonte de recursos para o tempo de lecer, a proba diso é que a nosa biblioteca é o espazo máis visitado de todo o centro.

Eficiencia

- Neste aspecto, aínda que se mellorou moito, cremos que queda un longo camiño por andar sobre todo no tocante á Formación de Usuarios aspecto indispensable para utilizar de xeito óptimo os recursos da biblioteca. Compre que máis profesorado vaia integrando pouco a pouco no desenvolvemento do currículo da súa materia os recursos que a biblioteca ofrece. Coidamos que debemos seguir impulsando estratexias formativas dos usuarios cara o uso das distintas fontes de información.
- Coidamos que o próximo temos que integrar no equipo de biblioteca a unha ou varias persoas do ámbito científico.
- Satisfacción para os usuarios. Se cadra é este o aspecto no que atopamos que o resultado do traballo do equipo de biblioteca é máis positivo tanto para o alumnado como para o profesorado ou a comunidade educativa en xeral. Coidamos que co desenvolvemento deste programa contribuímos a asegurar a comunidade educativa, e especialmente ao alumnado, unha serie de recursos e servizos que axudaron a democratizar o acceso a información, a cultura e ao lecer, iso non quere dicir que nos próximos cursos non haxa que mellorar este aspecto.



Avaliación dos servizos

- Servizo de préstamo. Leva funcionando desde hai varios anos con moi bos resultados, neste curso un total de 170 socios que utilizan a biblioteca regularmente retiraron 2729 volumes. Hai un alto grao de satisfacción sobre o seu funcionamento entre os usuarios. O groso do servizo de préstamo foi no apartado de fomento da lectura tanto dirixida a través do Proxecto lector como de lecer.
- Busca documental. É un servizo moito máis recente que durante este curso pretendemos que se xeneralizara ou cando menos que se utilizara de xeito sistemático nalgunha materias. Coidamos que cómpre aumentar a formación do profesorado en xeral e do equipo de biblioteca en particular.
- Educación informacional. Igual que no anterior atopamos moitos problemas de formación por parte do profesorado así como reticencias a cambiar as estratexias de aprendizaxe. É un dos aspectos nos que consideramos que non temos acadados os obxectivos propostos.
- Avaliación da colección. Existe, aínda, un evidente desequilibrio na dotación dalgunhas seccións, necesitadas dunha urxente intervención que as forneza de material axeitado para satisfacer a demanda de información por parte de alumnado e profesorado. Hai que pensar que o próximo ano se implanta o 2º curso de bacharelato, entre materias optativas e de modalidade, vai a haber un número grande de disciplinas que hai que fornecer de documentación o que supón necesidades de dotación específicas.
- Avaliación da coordinación deste proxecto co Plan TIC. Este é un dos aspectos que iniciamos este curso e do que estamos máis satisfeitos e, aínda que temos que poñernos moi ao día con respecto a elas a aplicación das mesmas en traballos feitos desde a biblioteca foi satisfactoria para os usuarios. O feito de que o Proxecto Lector estea coordinado con Plan TIC, segundo xa deixamos constatado, favoreceu o labor. Iniciouse a colaboración coa páxina web do centro, liña de traballo que pensamos continuar e ampliar a máis materias. Outro aspecto a salientar é que o responsable das mesma o próximo curso entra a formar parte do quipo de biblioteca cara a unha máis estreita colaboración e asesoramento técnico. Unha proposta que xurdiu tamén do Proxecto Lector, a creación dun blog, por distintos problemas aínda non se materializou, queda para o próximo curso.
- Implicación das familias. Aínda que neste curso fixéronse varias actividades, sobre todo as relacionadas co ano Vidal Bolaño que contaron coa participación das familias coidamos que cara o curso que ven esa é unha liña de traballo que hai que continuar. Si estamos moi satisfeitos, como xa dixemos, coa cooperación da Concellaría de Cultura e da biblioteca municipal tanto na organización de actividades como no asesoramento, o técnico especialista en Biblioteconomía municipal colabora con nós en tarefas técnicas.



8. Previsións de futuro

Entre os obxectivos propostos e que non se puideron cumprir están

- Mellorar e ampliar as actividades de alfabetización informacional, xa que vemos que é onde máis problemas xorden.
- Seguir colaborando co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística a hora de organizar e levar a cabo moitas actividades.
- O potenciar a presenza e uso de publicacións periódicas. Coidamos que este é un aspecto no que hai que mellorar no próximo curso ampliando a oferta de publicacións e dinamizando o uso.
- Dinamizar o espazo hora de ler, con actividades e documentación atractiva.
- Tamén debemos mellorar as canles de información que publicitan os distintos servizos da biblioteca, unha grande parte do alumnado no le os paneis informativos.
- Continuar co proxecto de dedicarlle o próximo curso a un autor ou tema e arredor del moitas das actividades do centro e polo tanto da biblioteca.
- Definir, segundo o Proxecto Lector, o Plan lector do próximo curso e dinamizalo cara a obter uns bos resultados.
- Sacar o boletín da biblioteca de xeito máis regular.

Pedrouzos a 10 de xuño de 2009

A responsable da biblioteca

Asdo. María Tilve Costas